



## Concello de Castrolverde

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**Primeiro.-** Visto o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, publicado no Boletín Oficial do Estado núm. 67, o 14 de marzo de 2020.

**Segundo.-** Vista a Resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do día 13 de marzo de 2020, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

### RESOLVO:

**Primeiro.-** As medidas comunicadas mediante o bando do 13 de marzo de 2020 seguiranse mantendo mentres continúe vixente o Real Decreto 463/2020, polo que se declara o estado de alarma, a saber:

- Peche do acceso do público e suspensión de actividades que se realicen en todos os edificios e instalacións municipais, tales como: Centro socio- cultural, pavillón polideportivo, antiga Casa do Concello, campos de fútbol e demais instalacións deportivas.

-A suspensión da eficacia das autorizacións outorgadas para a celebración de actos que supoñan a concentración de grupos numerosos de persoas, así como o outorgamento de novas autorizacións para as devanditas actividades.

- Suspéndese, ademais, a celebración das Feiras quincenais

**Segundo.-** Os empregados municipais traballarán, preferentemente desde o seu domicilio na modalidade de traballo non presencial, ou a quendas, tendo preferencia para traballar desde a súa casa quen teña fillos pequenos e en idade escolar. Establécese flexibilidade de horario ata o 30 de marzo.

**Terceiro.** Suspender todas as actividades e reunións dos órganos colexiados.

**Cuarto.-** O servizo de atención ao público funcionará, coa porta pechada, de 9 a 14 horas. Nos casos de urxencia e imperiosa necesidade, en aras de evitar riscos innecesarios, rogase á cidadanía o previo contacto telemático a través dos seguintes medios:

- Telefónico: 982 31 20 80
- Correo electrónico: [info@concellodecastrolverde.com](mailto:info@concellodecastrolverde.com)

**Quinto.-** Interrómpense os prazos para a tramitación dos procedementos das

Concello de Castrolverde

Plaza do Concello, nº 2, Castrolverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Cod. Validación: C52NYR2CXPPHL3A7R9GDK7WC | Corrección: <https://concellocastrolverde.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



## Concello de Castroverde

---

entidades do sector público, de acordo co Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo e a Resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O período no que se manterán vixentes estas medidas será o comprendido entre os días 15 e 30 de marzo, ambos inclusive, sen prexuízo de posibles prórrogas.

Dende o Concello de Castroverde, informárase en todo momento sobre todo canto poida interesar aos veciños en relación co alcance das medidas adoptadas e as posibles modificacións destas.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde, don Xosé M<sup>a</sup> Arias Fernández, do que eu, Secretaria, certifico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

---

**Concello de Castroverde**

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Cod. Validación: C52NYZR2CXPPL3A7R9GDK7WC | Corrección: <https://concellocastroverde.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2